EXERCICIO 1

Papalagui significa "home branco estranxeiro", e *Os Papalagui* son os discursos dun xefe de Samoa, Tiavii de Tiavea, dirixidos aos habitantes das illas do Mar do Sur nos que se fala de Europa, da cultura occidental, de nós. Neles o xefe samoano critica o materialismo e a deshumanización da sociedade occidental. En realidade non hai probas de que estes discursos foran pronunciados, e podería acontecer que fose Scheuermann, quen llos atribuíu ao xefe samoano, o autor dos mesmos. En todo caso realízase dun bo retrato da sociedade europea de principios do século XX. Trátase polo tanto de etnografía da ou sobre a sociedade occidental.

Le o fragmento e resposta ás preguntas que veñen a continuación.

"O papalagui adora o metal redondo e o papel forte, gústalle encher a barriga cunha serie de líquidos extraídos de froitos mortos, e con carne de porco, boi e outros horribles animais. Pero sobre todo gústalle unha cousa que non se pode coller e que sen embargo existe: o tempo. Lévao moi en serio e conta todo tipo de burradas sobre el. Aínda que non poida haber máis tempo entre o amencer e o solpor, para o Papalagui nunca é dabondo.

O Papalagui nunca está conforme co tempo que ten e repróchalle ao Gran Espírito non lle ter dado máis. Chega mesmo a blasfemar contra Deus e a súa gran sabedoría, dividindo e subdividindo cada novo día que nace, segundo un plano bastante preciso. Córtao como se corta en anacos un coco cun coitelo. As distintas partes teñen todas elas un nome: segundo, minuto, hora….

É unha cousa moi confusa que eu na realidade nunca entendín, pois desconcéntranme cousas tan puerís. Pero o Papalagui fai diso toda unha ciencia. Os homes e as mulleres e mesmo os nenos traen con eles, prendido por gordas cadeas de metal que lle colgan do pescozo, ou atado ao puño coa axuda dunha correa de coiro, unha pequena máquina achatada e redonda onde poden ler o tempo, o que incluso non é nada fácil….

Ao oír o barullo da máquina do tempo, quéixase o Papalagui así: "Que pena; xa pasou outra hora!". E, ao dicilo, mostra case sempre un ar triste, como alguén condenado a unha gran traxedia. Sen embargo, a continuación comeza unha nova hora!.

Como nunca fun capaz de entender iso, xulgo que se trata dunha doenza grave. "O tempo váiseme entre os dedos!", "O tempo corre máis veloz ca un cabalo!", "Dáme un pouco máis de tempo!" – tales son as queixas do home branco.

Xa dixen que se debe tratar dunha especie de enfermidade. Supoñamos que un branco quere facer algo e que o seu corazón devece por facelo; por exemplo, deitarse ao sol, ou andar en canoa polo río, ou facer o amor coa súa namorada. Que fai daquela?. Estraga o pracer coa idea de que non ter tempo de ser feliz"

OS PAPALAGUI

1.- A qué aspectos da nosa cultura material se refire o xefe samoano no texto coas seguintes expresións:

Metal redondo:	
Papel forte:	
Líquidos extraídos de froitos mortos:	
Máquina do tempo:	

2.- Que aspecto da cultura occidental comenta o texto?

3.- Indica brevemente que aspecto da obsesión polo tempo se trata en

Segundo parágrafo	
Terceiro parágrafo	
Cuarto parágrafo	
Sexto parágrafo	

4.- Axuda esta obsesión polo tempo a ser felices en xuízo do xefe samoano?. Por que?

5.- Compón un texto de unhas cinco liñas onde expoñas a visión do xefe samoano sobre este aspecto da cultura occidental. Utiliza o texto e tamén as túas anteriores respostas.

EXERCICIO 2

MARCIAL GONDAR (Pontevedra, 1948) é catedrático de Antropoloxía Social na Universidade de Santiago. Entre as súas investigacións e intereses teñen estado a antropoloxía aplicada e a antropoloxía da saúde.

Lé os fragmentos da entrevista que Marta de Sinllán lle fai con motivo do Día da Saúde Mental e resposta ás preguntas que veñen a continuación.

Utiliza a información do apartado *2.4.3.- Antropoloxía aplicada*, do documento, cando a precises.

Podes atopar a entrevista completa en: http://www.feafesgalicia.org/arquivos/A_medicina_da_alma.pdf

Cales son as principais trabas coas que topan o propio colectivo e os especialistas médicos á hora de xestionar a saúde mental?

D*estacaría dúas principalmente: a forte deshumanización da práctica médica e a excesiva medicalización* na xestión da enfermidade mental. *O problema está en que se trata a un enfermo como un mecánico trata un coche ou un fontaneiro trata as tubarias. E os médicos non deben ser fontaneiros nin mecánicos porque os enfermos son persoas, ante todo, que desexan, pensan, sofren.*

Marcial Gondar aínda apunta un terceiro factor co que uns e outros baten a cotío: a sacralización da medicina. "*A xestión da saúde en xeral, e da saúde mental en particular, non se leva a cabo en espazos normais senón que funciona en espazos alleos, coma se fose unha relixión, chea de ritos, castigos e mandamentos que seguir e cos que crear conciencia de culpa e pecado para poder falar logo da salvación ou curación*".

Sobre temas de salvación e cura Gondar ten unha cousa clara. Segundo el antes había dous estadios na vida dunha persoa: cando se estaba enfermo e a persoa se tiña que resignar e cando se estaba san e se disfrutaba da vida. "*Agora hai unha preocupación constante pola saúde aínda gozando dela. Todo isto,-puntualiza-, xera unha angustia que, en absoluto, contribúe a previr a aparición de doenzas, máis aínda se falamos de saúde mental*".

Segundo el outro atranco manifesto á hora de afrontar con éxito a xestión da saúde mental é a perda de destrezas no dominio do que el chama logoterapia, é dicir, a curación pola palabra:

"*Os especialistas en saúde mental están desaproveitando o poder que ten a palabra como operador terapéutico. Antes a relación médico-paciente estaba moi humanizada. Unha expresión típica do enfermo era 'téñolle moita fe a don Fulano"*. A palabra, non só a do enfermo, senón tamén a do médico, está, segundo o seu parecer, perdendo referentes. "*A incapacidade para unha boa comunicación xa se potencia dende as facultades: os estudantes de medicina, e xa que logo os psiquiatras, non tratan con*

persoas de carne e óso, senón que pasan a maior parte das horas diante de anacos de cadáver".

…. Marcial Gondar volve, entón, á importancia do "feedback" (a retroalimentación, a comunicación recíproca) entre especialista e paciente. "*Os psiquiatras deberían ter en conta que os medicamentos non poden desculpalos de fortalecer as relacións psicosociais, humanas cos seus pacientes*". Para Gondar non teremos boa saúde mental senón temos vidas sas e sociedades sas. *"Á hora de gañar unha sociedade saudábel, con persoas saudábeis, os medicamentos non o son todo. Os medicamentos non poden exercer só como hipnóticos".*

Marta de Sinllán: *A medicina da alma. Entrevista a Marcial Gondar Portosany, antropólogo.*

1.-Cita e explica en que poden consistir as tres trabas a que Marcial Gondar se refire na entrevista co que se atopan os/as enfermos e especialistas en saúde mental?

1.- Deshumanización da práctica médica:	Trátase ao enfermo como….
2.- …...	
3.- ……	

2.- Explica que pode querer dicir Marcial Gondar coa seguinte expresión: *a xestión da saúde non se leva a cabo en espazos normais, senón que funciona en espazos alleos*

...

3.- Qué é a logoterapia tal e como se define na entrevista?. Pensa que se forma aos/ás especialistas en saúde mental neste aspecto?

...

4.- Á vista deste fragmento propón tres medidas que poderían facer mellorar a xestión da saúde mental no sistema sanitario galego.

...

EXERCICIO 3

"A bioloxía humana habilítanos para seguir o proceso de adaptación a través de sendas non biolóxicas" (Bernard Philips)

Explica o sentido da anterior afirmación explicando:

a) A que forma de adaptación non biolóxica se está a referir
b) Sinalando cales son as características biolóxicas do animal humano que o capacitan para adaptarse "a través de sendas non biolóxicas".

Utiliza a información dos apartados 3 a 6 da Unidade 2. Realiza unha composición o extensa que queiras, pensa que unha boa extensión mínima poden ser unhas 10 liñas. Compón a túa explicación coma un texto único no que vaias introducindo os datos e as explicacións que consideres.